

ACTA Nº 02/2022

COMISIÓN DELEGADA

Acta da Asemblea ordinaria, celebrada o día 11 de maio de 2022, ás 18:00 horas de xeito telemático, coa asistencia dos seguintes membros da Comisión Delegada:

Asistentes

D. Jesús López González	Club Atlético Guardés
D. Rubén Fernández Reinaldo	Club Bm. Cañiza
D. Óscar Fernández Martínez	Club Bm. Cangas
D. Anxo Otero Sieiro	U.B. Lavadores
D. Anxo Canedo Rey	Club Bm. Culleredo
D. Fabián González Barreiro	Xogadores/as
D. Victor Manuel Rivera Diz	Árbitros/as

Preside a mesma o Presidente da Federación Galega de Balonmán D. Bruno López Molina, acompañado pola Secretaria Xeral D<sup>a</sup> Carla Abad Alonso.

Toma a palabra o Presidente D. Bruno López Molina, saúda aos/ás asistentes/as e comenta que os aspectos máis relevantes relacionados co proceso electoral e coa convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria, indicando os prazos e o porqué de cada un deles, así mesmo tratáronse os aspectos máis relevantes do regulamento electoral.

Bruno López comentou tamén os problemas que había con respecto á finalización das competicións de copa, que a raíz dos cambios de datas da RFEBM dos sectores nacionais sufriron novos movementos que fan que cada fin de semana se solapen competicións.

O Balonmán Culleredo e o Balonmán Cangas insistiron en que as copas deberían plantexarse doutro modo, de xeito que haxa menos competición e máis tempo para organizarse.

Bruno López da paso a comentar as propostas de cara á asemblea extraordinaria e incide na elección dos membros/as sa Comisión Xestora que se formará cando se convoquen as eleccións; a Comisión Delegada por unanimidade elixiu a:

- **D. Victor Manuel Rivera Diz (Estamento Arbitral)**
- **Bm. Cangas (Estamento Clubs)**
- **D. Juan de Salvador Guillén (Bm. Culleredo-Estamento Xogadores/as)**
- **D. Anxo Otero Sieiro (U.B. Lavadores- Estamento de Adestradores/as).**

Mentres, Bruno López comenta que os/as elixidos/as pola xunta directiva serán:

- **D<sup>a</sup>. Carla Abad Alonso (Secretaria Xeral).**
- **D<sup>a</sup> Patricia Sanmiguel García (Tesoureira)**
- **D. Ignacio Permuy Varela**
- **D. Jesús Varela Martínez**

Bruno López, deu paso á quenda de rogos e preguntas onde ninguén quixo intervir. O presidente despide a reunión e agradece a asistencia e implicación de todos/as.



Bruno López Molina



M<sup>a</sup> Carla Abad Alonso

En Vigo a 11 de maio de 2022